| Área / Unidad | Documento | |
|---|---|---|
| OFICIALIA MAYOR OF0000<br>MSS | 10116I007V | |
| Código de verificación | Expediente<br>101/2021/46 | |
| ²6Y4C541B5K65272W0XB3!»<br>²6Y4C541B5K65272W0XB3!»<br>6Y4C 541B 5K65 272W 0XB3 | Fecha<br>18-01-2022 | |

Asunto
Acta da Xunta de Goberno Local 30.12.2021

**SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA TRINTA DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E UN**

No salón dourado da Casa do Concello desta cidade, a **trinta de decembro de dous mil vinte e un**. Baixo a Presidencia da **alcaldesa, dona Inés Rey García,** e a asistencia **dos tenentes e tenentas de alcaldesa don Juan Ignacio Borrego Vázquez, dona Eudoxia María Neira Fernández, dona María Esther Dolores Fontán Prado e don Jesús Javier Celemín Santos, así como dos concelleiros e concelleiras don José Manuel Lage Tuñas, don Juan Manuel Díaz Villoslada e dona Diana María Sobral Cabanas,** reuniuse, previa convocatoria regulamentariamente circulada, a Xunta de Goberno Local, co obxecto de realizar sesión **extraordinaria e urxente** en primeira convocatoria.

Asisten, así mesmo, don Manuel José Díaz Sánchez, secretario xeral do Pleno, desempeñando a función do Órgano de Apoio ao concelleiro secretario e á Xunta de Goberno Local, así como don Ángel David Murado Codesal, interventor xeral municipal, don Santiago Antonio Roura Gómez, coordinador xeral municipal e dona María Gabriela Gómez Díaz, directora da Asesoría Xurídica, en funcións de colaboración e asistencia.

***SESIÓN EXTRAORDINARIA Y URGENTE DE LA JUNTA DE GOBIERNO LOCAL DE FECHA TREINTA DE DICIEMBRE DE DOS MIL VEINTIUNO***

*En el salón dorado de las Casas Consistoriales de esta ciudad, a **treinta de diciembre de dos mil veintiuno**. Bajo la Presidencia de la **alcaldesa, doña Inés Rey García,** e a asistencia **de los tenientes y tenientas de alcaldesa don Juan Ignacio Borrego Vázquez, doña Eudoxia María Neira Fernández, doña María Esther Dolores Fontán Prado y don Jesús Javier Celemín Santos, así como de los concejales y concejalas don José Manuel Lage Tuñas, don Juan Manuel Díaz Villoslada y doña Diana María Sobral Cabanas,** se reunió, previa convocatoria reglamentariamente circulada, la Junta de Gobierno Local, al objeto de celebrar sesión **extraordinaria y urgente** en primera convocatoria.*

*Asisten, asimismo, don Manuel José Díaz Sánchez, secretario general del Pleno, desempeñando la función del Órgano de Apoyo al concejal secretario y a la Junta de Gobierno Local, así como don Ángel David Murado Codesal, interventor general municipal, don Santiago Antonio Roura Gómez, coordinador general municipal y doña María Gabriela Gómez Díaz, directora de la Asesoría Jurídica, en funciones de colaboración y asistencia.*

Desculpa a súa ausencia a **concelleira dona Mónica Martínez Lema.**

*Disculpa su ausencia la **concejala doña Mónica Martínez Lema.***

Asisten tamén o concelleiro e as concelleiras da oposición don Roberto Rodríguez Martínez (PP), dona María García Gómez (MA) e don Francisco Xesús Jorquera Caselas (BNG).

*Asisten también el concejal y las concejalas de la oposición don Roberto Rodríguez Martínez (PP), doña María García Gómez (MA) y don Francisco Xesús Jorquera Caselas (BNG).*

Dá fe do acto a **concelleiro-secretario da Xunta de Goberno Local, don Juan Manuel Díaz Villoslada**.

*Da fe del acto el **concejal-secretario de la Junta de Gobierno Local, don Juan Manuel Díaz Villoslada.***

Ás nove horas e trinta e oito minutos a Presidencia declara iniciada a sesión e pasa a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día.

*Siendo las nueve horas y treinta y ocho minutos la Presidencia declara abierta la sesión y pasa a tratar los siguientes asuntos incluidos en el orden del día.*

## DECLARACIÓN DE URXENCIA

## *DECLARACIÓN DE URGENCIA*

### 574. Ratificación da urxencia da sesión

### *574. Ratificación de la urgencia de la sesión*

Por **unanimidade**, en votación ordinaria, logo da explicación e xustificación para o efecto, acórdase:

*Por **unanimidad**, en votación ordinaria, previa explicación y justificación al efecto, se acuerda:*

Ratificar pola Xunta de Goberno Local a urxencia da sesión de conformidade co disposto no artigo 106.a) do Regulamento orgánico municipal e nos artigos 112 e 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2.568/1986, do 28 de novembro.

*Ratificar por la Junta de Gobierno Local la urgencia de la sesión de conformidad con lo dispuesto en el artículo 106.a) del Reglamento Orgánico Municipal y en los artículos 112 y 113 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, aprobado por Real Decreto 2.568/1986, de 28 de noviembre.*

## ALCALDÍA

## *ALCALDÍA*

### Alcaldía

### *Alcaldía*

**575. Expte.000/2021/156**
**Aprobación do documento denominado "Plan de Integridade e Medidas Antifraude na xestión de fondos europeos"**

***575. Expte.000/2021/156***
***Aprobación del documento denominado "Plan de Integridad y Medidas Antifraude en la gestión de fondos europeos"***

Previa deliberación, **de conformidade co**

*Previa deliberación, **de conformidad con el***

**informe–proposta que consta no expediente** e do que se dará traslado, en todo caso, xunto coa certificación/notificación do presente acordo, **en canto serve de motivación ao mesmo,** de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, **por unanimidade**, en votación ordinaria, acórdase:

Aprobar o documento denominado "Plan de integridade e Medidas Antifraude na xestión de fondos europeos".

**576. Expte. 000/2021/157**
**Aprobación do Plan de Continxencia EidusCoruña, formulado polo coordinador da Unidade de Xestión EDUSI da Coruña**

Previa deliberación, **de conformidade co informe–proposta que consta no expediente** e do que se dará traslado, en todo caso, xunto coa certificación/notificación do presente acordo, **en canto serve de motivación ao mesmo,** de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, **por unanimidade**, en votación ordinaria, acórdase:

1. Dar aprobación o Plan de Continxencia EidusCoruña formulado polo Coordinador da Unidade de Xestión EDUSI da Coruña.

2. Indicar o conxunto das unidades executoras e unidades transversais do Concello da Coruña a obrigatoriedade do cumprimento do sinalado no devandito Plan ao respecto de cadanseu ámbito de competencia.

***informe–propuesta que consta en el expediente*** *y del que se dará traslado, en todo caso, junto con la certificación/notificación del presente acuerdo,* ***en cuanto sirve de motivación al mismo,*** *de conformidad con el artículo 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de procedimiento administrativo común de las administraciones públicas,* **por unanimidad**, *en votación ordinaria, se acuerda:*

*Aprobar el documento denominado "Plan de integridad y Medidas Antifraude en la gestión de fondos europeos".*

***576. Expte. 000/2021/157***
***Aprobación del Plan de Contingencia EidusCoruña, formulado por el coordinador de la Unidad de Gestión EDUSI de A Coruña***

*Previa deliberación,* ***de conformidad con el informe–propuesta que consta en el expediente*** *y del que se dará traslado, en todo caso, junto con la certificación/notificación del presente acuerdo,* ***en cuanto sirve de motivación al mismo,*** *de conformidad con el artículo 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de procedimiento administrativo común de las administraciones públicas,* **por unanimidad**, *en votación ordinaria, se acuerda:*

*1. Dar aprobación al Plan de Contingencia EidusCoruña formulado por el Coordinador de la Unidad de Gestión EDUSI de A Coruña.*

*2. Indicar al conjunto de las unidades ejecutoras y unidades transversales del Ayuntamiento de A Coruña la obligatoriedad del cumplimiento de lo señalado en dicho Plan al respecto de su respectivo ámbito de competencia.*

**ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR**

**Oficina Orzamentaria**

**577. Expte. 36E/2021/41**
**Aprobación da prórroga dos créditos iniciais do Orzamento de 2021 (prorrogado de 2020) ao exercicio 2022**

Previa deliberación, **de conformidade co informe–proposta que consta no expediente** e do que se dará traslado, en todo caso, xunto coa certificación/notificación do presente acordo, **en canto serve de motivación ao mesmo,** de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, **por unanimidade**, en votación ordinaria, acórdase:

1. Aprobar a prórroga do orzamento para o exercicio 2022, que será a mesma a nivel de créditos iniciais que a efectuada do 2020 ao 2021, debido a que os créditos que se prorrogan son os do exercicio 2020, último exercicio con orzamento aprobado. Non procede realizar ningún axuste sobre os devanditos créditos, polo que o estado de gastos do orzamento prorrogado ascenderá a **243.146.032,79€**, e o estado de ingresos do orzamento prorrogado ascenderá a **260.000.000,00€**.

**RESUMO POR CAPÍTULOS:**

***ECONOMÍA, HACIENDA Y RÉGIMEN INTERIOR***

***Oficina Presupuestaria***

***577. Expte. 36E/2021/41***
***Aprobación de la prórroga de los créditos iniciales del Presupuesto de 2021 (prorrogado de 2020) al ejercicio 2022***

*Previa deliberación, **de conformidad con el informe–propuesta que consta en el expediente** y del que se dará traslado, en todo caso, junto con la certificación/notificación del presente acuerdo, **en cuanto sirve de motivación al mismo,** de conformidad con el artículo 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, **por unanimidad**, en votación ordinaria, se acuerda:*

*1. Aprobar la prórroga del presupuesto para el ejercicio 2022, que será la misma a nivel de créditos iniciales que la efectuada del 2020 al 2021, debido a que los créditos que se prorrogan son los del ejercicio 2020, último ejercicio con presupuesto aprobado. No procede realizar ningún ajuste sobre dichos créditos, por lo que el estado de gastos del presupuesto prorrogado ascenderá a **243.146.032,79€**, y el estado de ingresos del presupuesto prorrogado ascenderá a **260.000.000,00€**.*

***RESUMEN POR CAPÍTULOS:***

| CAPÍTULO GASTOS | CRÉDITOS INICIAIS 2021 (prorrogados e axustados de 2020) | AXUSTES | CRÉDITOS INICIAIS 2022 (PRORROGADOS DE 2020) |
|---|---|---|---|
| 1 | 67.731.056,73 | 0,00 | 67.731.056,73 |
| 2 | 121.420.207,19 | 0,00 | 121.420.207,19 |
| 3 | 292.843,76 | 0,00 | 292.843,76 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 4 | 30.561.199,51 | 0,00 | 30.561.199,51 |
| 5 | 20.000,00 | 0,00 | 20.000,00 |
| 6 | 13.241.504,56 | 0,00 | 13.241.504,56 |
| 7 | 2.889.728,59 | 0,00 | 2.889.728,59 |
| 8 | 30.001,00 | 0,00 | 30.001,00 |
| 9 | 6.959.491,45 | 0,00 | 6.959.491,45 |
| | **243.146.032,79** | **0,00** | **243.146.032,79** |

2. Notificar aos Organismos Autónomos, Sociedades Mercantís, Consorcios e Fundacións o Acordo para o seu coñecemento e cumprimento, especialmente no relativo á prórroga dos seus orzamentos, que deberán levar a cabo tendo en conta as transferencias que se prorrogan no Orzamento desta entidade.

*2. Notificar a los Organismos Autónomos, Sociedades Mercantiles, Consorcios y Fundaciones el Acuerdo para su conocimiento y cumplimiento, especialmente en lo relativo a la prórroga de sus presupuestos, que deberán llevar a cabo teniendo en cuenta las transferencias que se prorrogan en el Presupuesto de esta entidad.*

**Persoal**

***Personal***

**578. Expte. 108/2021/152**
**Validación do convenio de colaboración subscrito coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade para a realización de actividades de formación en lingua galega para o ano 2021, aprobado por resolución do concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior**

***578. Expte. 108/2021/152***
***Validación del convenio de colaboración suscrito con la Consellería de Cultura, Educación e Universidade para la realización de actividades de formación en lengua gallega para el año 2021, aprobado por resolución del concejal de Economía, Hacienda y Régimen Interior***

Previa deliberación, **de conformidade co informe–proposta que consta no expediente** e do que se dará traslado, en todo caso, xunto coa certificación/notificación do presente acordo, **en canto serve de motivación ao mesmo,** de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, **por unanimidade**, en votación ordinaria, adóptase o seguinte acordo:

*Previa deliberación, **de conformidad con el informe–propuesta que consta en el expediente** y del que se dará traslado, en todo caso, junto con la certificación/notificación del presente acuerdo, **en cuanto sirve de motivación al mismo,** de conformidad con el artículo 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, **por unanimidad**, en votación ordinaria, se adopta el siguiente acuerdo:*

Convalidar o convenio de colaboración subscrito coa Consellería de Cultura,

*Convalidar el convenio de colaboración suscrito con la Consellería de Cultura,*

Educación e Universidade para a realización de actividades de formación en lingua galega para o ano 2021, que foi aprobado por Resolución do concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 15/02/2021.

*Educación e Universidade para la realización de actividades de formación en lengua gallega para el año 2021, que fue aprobado por Resolución del concejal de Economía, Hacienda y Régimen Interior de fecha 15/02/2021.*

**579. Expte. 108/2021/2195**
**Aprobación do acordo de xestión do fondo de acción social do persoal do Concello da Coruña**

***579. Expte. 108/2021/2195***
***Aprobación del acuerdo de gestión del fondo de acción social del personal del Ayuntamiento de A Coruña***

Previa deliberación, **de conformidade co informe–proposta que consta no expediente** e do que se dará traslado, en todo caso, xunto coa certificación/notificación do presente acordo, **en canto serve de motivación ao mesmo,** de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, **por unanimidade**, en votación ordinaria, adóptase o seguinte acordo:

*Previa deliberación, **de conformidad con el informe–propuesta que consta en el expediente** y del que se dará traslado, en todo caso, junto con la certificación/notificación del presente acuerdo, **en cuanto sirve de motivación al mismo,** de conformidad con el artículo 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, **por unanimidad**, en votación ordinaria, se adopta el siguiente acuerdo:*

Aprobar o Acordo de Xestión do Fondo de Acción Social do Persoal do Concello da Coruña, cuxo contido inclúese como Anexo a este acordo.

*Aprobar el Acuerdo de Gestión del Fondo de Acción Social del Personal del Ayuntamiento de A Coruña, cuyo contenido se incluye como Anexo a este acuerdo.*

A data de entrada en vigor deste Acordo será o día 01 de xaneiro de 2022, previa a súa publicación no portal municipal ALFRESCO, e sen prexuízo da súa posterior publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, e a súa vixencia será por un prazo máximo de catro anos.

*La fecha de entrada en vigor de este Acuerdo será el día 01 de enero de 2022, previa su publicación en el portal municipal ALFRESCO, y sin perjuicio de su posterior publicación en el Boletín oficial de la Provincia de A Coruña, y su vigencia será por un plazo máximo de cuatro años.*

## Contratación

## *Contratación*

**580. Expte. A31/2021/93**
**Autorización da tramitación anticipada do contrato mixto de servizo e subministración de comunicacións do Concello da Coruña, aprobación do expediente de contratación e apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto con diversos**

***580. Expte. A31/2021/93***
***Autorización de la tramitación anticipada del contrato mixto de servicio y suministro de comunicaciones del Ayuntamiento de A Coruña, aprobación del expediente de contratación y apertura del procedimiento de adjudicación mediante procedimiento abierto con diversos criterios de valoración***

**criterios de valoración**

Previa deliberación, **de conformidade co informe–proposta que consta no expediente** e do que se dará traslado, en todo caso, xunto coa certificación/notificación do presente acordo**, en canto serve de motivación ao mesmo,** de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, **por unanimidade**, en votación ordinaria, acórdase:

*Previa deliberación,* ***de conformidad con el informe–propuesta que consta en el expediente*** *y del que se dará traslado, en todo caso, con la certificación/notificación del presente acuerdo,* ***en cuanto sirve de motivación al mismo,*** *de conformidad con el art. 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas,* ***por unanimidad****, en votación ordinaria, se acuerda:*

**Primeiro.** Autorizar a tramitación anticipada para a contratación do contrato mixto de servizo e subministración de comunicacións do Concello da Coruña, cunha duración de cinco anos. O gasto de seis millóns cincocentos oitenta e catro mil seiscentos vinte e seis euros con trinta e un céntimos (6.584.626,31€) (IVE incluído) imputable ás aplicacións 20.920.22200, 20.926.62200 e 20.926.62600 do Orzamento Municipal, queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nas aplicacións mencionadas. Os actos de trámite ditados neste expediente de gasto entenderanse condicionados a que ao ditarse o acordo de autorización de gasto subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que foron ditados aqueles, de acordo co establecido na Disposición Adicional Terceira, apartado 2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e a Base 5ª das Bases de Execución do Orzamento municipal. O 30/11/2021 aprobouse a solicitude de subvención regulada na orde TER/1204/2021, subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das Administracións das Entidades Locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para a inclusión deste contrato no plan de Recuperación e Resiliencia do REACT-EU, e a súa adxudicación está sometida á

***Primero.*** *Autorizar la tramitación anticipada para la contratación del contrato mixto de servicio y suministro de comunicaciones del Ayuntamiento de A Coruña, con una duración de cinco años. El gasto de seis millones quinientos ochenta y cuatro mil seiscientos veintiséis euros con treinta y un céntimos (6.584.626,31€) (IVA incluido) imputable a las aplicaciones 20.920.22200, 20.926.62200 y 20.926.62600 del Presupuesto Municipal, queda condicionado a la existencia de crédito adecuado y suficiente en las aplicaciones mencionadas. Los actos de trámite dictados en este expediente de gasto se entenderán condicionados a que al dictarse el acuerdo de autorización de gasto subsistan las mismas circunstancias de hecho y de derecho existentes en el momento en que fueron dictados aquéllos, de acuerdo con lo establecido en la Disposición Adicional Tercera, apartado 2 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público y la Base 5ª de las Bases de Ejecución del Presupuesto municipal. El 30/11/2021 se aprobó la solicitud de subvención regulada en la orden TER/1204/2021, subvenciones destinadas a la transformación digital y modernización de las Administraciones de las Entidades Locales, en el marco del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia para la inclusión de este contrato en el plan*

condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que financian este contrato.

*de Recuperación y Resiliencia del REACT-EU, y su adjudicación está sometida a la condición suspensiva de la efectiva consolidación de los recursos que financian este contrato.*

**Segundo.** Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto con diversos criterios de valoración previsto nos artigos 156, 157 e 158 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, aprobando para o efecto os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que haberán de rexelo.

***Segundo.*** *Aprobar el expediente de contratación y disponer la apertura del procedimiento de adjudicación mediante procedimiento abierto con diversos criterios de valoración previsto en los artículos 156, 157 y 158 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público por la que se trasponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014, aprobando al efecto los pliegos de cláusulas administrativas particulares y de prescripciones técnicas que habrán de regirlo.*

**Terceiro.** Encomendar ao servizo de Contratación a realización dos trámites necesarios para a apertura do procedemento de licitación e seguimento do oportuno expediente.

***Tercero.*** *Encomendar al servicio de Contratación la realización de los trámites necesarios para la apertura del procedimiento de licitación y seguimiento del oportuno expediente.*

**581. Expte. 851/2021/165**
**Autorización da tramitación anticipada para a contratación da subministración e instalación de equipamento TIC para a mellora da mobilidade en varias zonas da cidade da Coruña, cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER): aprobación do expediente de contratación e apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto con diversos criterios de valoración**

***581. Expte. 851/2021/165***
***Autorización de la tramitación anticipada para la contratación del suministro e instalación de equipamiento TIC para la mejora de la movilidad en varias zonas de la ciudad de A Coruña, cofinanciado en un 80% por el Fondo Europeo de Desarrollo Regional (FEDER): aprobación del expediente de contratación y apertura del procedimiento de adjudicación mediante procedimiento abierto con diversos criterios de valoración***

Previa deliberación, **de conformidade co informe–proposta que consta no expediente** e do que se dará traslado, en todo caso, xunto coa certificación/notificación do presente acordo**, en canto serve de motivación ao mesmo,** de conformidade co artigo 88.6 da

*Previa deliberación,* ***de conformidad con el informe–propuesta que consta en el expediente*** *y del que se dará traslado, en todo caso, con la certificación/notificación del presente acuerdo,* ***en cuanto sirve de motivación al mismo,*** *de conformidad con el art. 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de*

Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, **por unanimidade**, en votación ordinaria, acórdase:

*octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas,* ***por unanimidad****, en votación ordinaria, se acuerda:*

**Primeiro.** Autorizar a tramitación anticipada, de acordo coa Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e a Base 5ª apartado III, punto 1.a) das Bases de Execución do Orzamento, do expediente que supón a contratación da subministración e instalación de equipamento TIC para a mellora da mobilidade en varias zonas da cidade da Coruña, cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do eixo 12 de desenvolvemento urbano do Programa Operativo Plurirregional de España, contrato mixto de subministración, obras e servizo cuxa prestación principal é a subministración, cun orzamento basee de licitación de 596.995,79 € (IVE incluído) e duración de 4 meses.

A adxudicación non se poderá efectuar en tanto non se cumpra a condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato, aplicación orzamentaria 30.133.62300, 2021 2 E30 1.

Estas subministracións están cofinanciados nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirregional de España 2014-2020.

Os actos de trámite ditados neste expediente de gasto entenderanse condicionados a que ao ditarse o acordo de autorización do compromiso do gasto subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que foron ditados aqueles.

**Segundo.** Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do

***Primero.*** *Autorizar la tramitación anticipada, de acuerdo con la Disposición Adicional Tercera de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público y la Base 5ª apartado III, punto 1.a) de las Bases de Ejecución del Presupuesto, del expediente que supone la contratación del suministro e instalación de equipamiento TIC para la mejora de la movilidad en varias zonas de la ciudad de A Coruña, cofinanciado en un 80% por el Fondo Europeo de Desarrollo Regional (FEDER) en el marco del eje 12 de desarrollo urbano del Programa Operativo Plurirregional de España, contrato mixto de suministro, obras y servicio cuya prestación principal es el suministro, con un presupuesto base de licitación de 596.995,79 € (IVA incluido) y duración de 4 meses.*

*La adjudicación no se podrá efectuar en tanto no se cumpla la condición suspensiva de la efectiva consolidación de los recursos que han de financiar el contrato, aplicación presupuestaria 30.133.62300, 2021 2 E30 1.*

*Estos suministros están cofinanciados en un 80% por el Fondo Europeo de Desarrollo Regional (FEDER) en el marco del Programa Operativo Plurirregional de España 2014-2020.*

*Los actos de trámite dictados en este expediente de gasto se entenderán condicionados a que al dictarse el acuerdo de autorización del compromiso del gasto subsistan las mismas circunstancias de hecho y de derecho existentes en el momento en que fueron dictados aquellos.*

***Segundo.*** *Aprobar el expediente de contratación y disponer la apertura del*

procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto con diversos criterios de valoración previsto nos artigos 150 e 156 ao 158 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, aprobando para o efecto os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que haberán de rexelo.

*procedimiento de adjudicación mediante procedimiento abierto con diversos criterios de valoración previsto en los artículos 150 y 156 al 158 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, aprobando al efecto los pliegos de cláusulas administrativas particulares y de prescripciones técnicas que habrán de regirlo.*

**Terceiro.** Encomendar ao Servizo de Contratación a realización dos trámites necesarios para a apertura do procedemento de licitación e seguimento do oportuno expediente.

***Tercero.*** *Encomendar al Servicio de Contratación la realización de los trámites necesarios para la apertura del procedimiento de licitación y seguimiento del oportuno expediente.*

**582. Expte. 100/2021/1**
**Adxudicación dos lotes 2, 3, 4 e 5 do procedemento aberto con diversos criterios de valoración para a contratación por lotes dos servizos técnicos diversos de apoio á xestión, mantemento e operación da web municipal**

***582. Expte. 100/2021/1***
***Adjudicación de los lotes 2, 3, 4 y 5 del procedimiento abierto con diversos criterios de valoración para la contratación por lotes de los servicios técnicos diversos de apoyo a la gestión, mantenimiento y operación de la web municipal***

Previa deliberación, **de conformidade co informe–proposta que consta no expediente** e do que se dará traslado, en todo caso, xunto coa certificación/notificación do presente acordo**, en canto serve de motivación ao mesmo,** de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, **por unanimidade**, en votación ordinaria, acórdase:

*Previa deliberación,* ***de conformidad con el informe–propuesta que consta en el expediente*** *y del que se dará traslado, en todo caso, junto con la certificación/notificación del presente acuerdo,* ***en cuanto sirve de motivación al mismo,*** *de conformidad con el artículo 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, por unanimidad, en votación ordinaria, se acuerda:*

Primeiro. Excluír do lote 4 (servizo de definición e elaboración de contidos dixitais multimedia para a web municipal) do **procedemento aberto con diversos criterios de valoración para a contratación por lotes de servizos técnicos diversos de apoio á xestión, mantemento e operación da web municipal** a YCM por non superar o limiar mínimo de puntuación técnica previsto no prego de cláusulas

*Primero. Excluir del lote 4 (servicio de definición y elaboración de contenidos digitales multimedia para la web municipal) del* ***procedimiento abierto con diversos criterios de valoración para la contratación por lotes de servicios técnicos diversos de apoyo a la gestión, mantenimiento y operación de la web municipal*** *a YCM por no superar el umbral mínimo de puntuación técnica previsto en el pliego de cláusulas*

administrativas particulares regulador da contratación, xa que obtivo 23 puntos dos 25 que se esixían.

Segundo. Adxudicar este procedemento a Altia Consultores, S.L. (A 15.456.585) (lote 2), Balidea Consulting & Programming, S.L. (B 15.850.647) (lotes 3 e 5), e a ILUX Visual Technologies, S.L. (B 70.089.131) (lote 4), previos os informes técnicos emitidos e de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, por ser as súas proposicións as máis vantaxosas de acordo cos requisitos establecidos nos pregos reguladores da contratación, con suxeición ás seguintes condicións:

1ª. O orzamento máximo estimado para o lote 2 (servizo de asistencia técnica para o mantemento evolutivo, correctivo, adaptativo e preventivo de desenvolvementos software da plataforma web municipal) é de 24.200,00 € anuais (IVE incluído-exercicios 2022 e 2023 respectivamente-), fixándose os prezos hora para o xefe de proxecto de 39,93 € (IVE incluído), de 34,49 € (IVE incluído) para o analista programador e de 34,49 € (IVE incluído) para o administrador de sistema. O prezo do contrato abonarase da forma establecida no prego de cláusulas administrativas particulares, con cargo á aplicación 20.491.227.06 do Orzamento Municipal.

2ª. O orzamento máximo estimado para o lote 3 (servizo de subscrición a diversos servizos de recursos dixitais para a web municipal) é de 20.000,00 € anuais (IVE incluído-exercicios 2022 e 2023 respectivamente-), fixándose unha marxe de prezo ou custo de intermediación único, en porcentaxe, respecto ao PVP dos servizos para solicitar do 20 %. O prezo do contrato abonarase da forma establecida no prego de cláusulas administrativas particulares, con cargo á aplicación 20.491.227.06 do Orzamento Municipal.

*administrativas particulares regulador de la contratación, ya que obtuvo 23 puntos de los 25 que se exigían.*

